

“MULLERES CON HISTORIA”  
CICLO DE CHARLAS SOBRE MULLERES CON DISCURSO FEMINISTA

Xoves, 7 de abril ás 19:00 horas

RELATORA.: **Encarna Otero**

Doutora e profesora de Historia. Colabora en diferentes publicacións galegas con diversos artigos sobre a muller na historia.

“OLIMPE DE GOUGES”

Considerada unha das precursoras do feminismo, en 1791 redactou, en resposta á “Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán” (1789), a Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá, na que Gouges reivindicaba a igualdade de dereitos das mulleres. Militante e protagonista da revolución francesa, foi guillotida polos seus compañeiros de loita.

“MARY WOLLSTONECRAFT”

Escritora inglesa (1759-1797), nai de Mary Shelley, e unha das iniciadoras do pensamento feminista. É autora da obra Vindicación dos dereitos da muller (1792), na que condena a educación que se lles daba ás mulleres porque as facía “máis artificiais e débiles de carácter do que doutra forma poderían ter sido” e porque deformaba os seus valores con “nocións equivocadas da excelencia feminina”.

Xoves, 14 de abril ás 19:00 horas

RELATORA: **Mª Jesús Lorenzo Modia**

Doutora e profesora de Filoloxía Inglesa da Universidade da Coruña, especialista na obra de Mary Wollstoncraft.

Xoves, 5 de maio ás 19:00 horas

RELATORA: **Eva Vieites Salmonte**

Licenciada en Historia, Máster en Educación, Xénero e Igualdade e en Desenvolvemento Local e Comarcal.

“URANIA MELLA”

Presidenta da Unión de Mulleres Antifascistas de Vigo. No Vigo dos anos trinta Urania Mella Serrano erixíase como a presidenta da Unión de Mulleres Antifascistas de Vigo, sección española de “Mulleres contra a guerra e o fascismo” creada pola Internacional Comunista tralo triunfo hitleriano en Alemaña. Urania viñera á vida nos albores do século XX, no seo dunha familia de profunda raigame anarquista, filla de Ricardo Mella Cea (xornalista, teórico do anarquismo e fundador do Sindicato Tranviario en Vigo) e de Esperanza Serrano (filla de Juan Serrano Oteiza, notario anarquista e director da Revista Social).

“MARÍA BARBEITO”

Pioneira da renovación pedagóxica no primeiro terzo do século XX. Cando Federico García Lorca visitou Galicia por segunda vez, na primavera de 1932, expresou o desexo de coñecerla: ata el chegara información do traballo e do prestixio adquirido por esta galega, unha das mulleres máis relevantes do primeiro terzo do século XX. Unha muller que axiña se converteu en referencia inescusable de todas e todos os que souberon apreciar a súa intensa e constante dedicación á educación e instrución, á renovación educativa, á defensa dos dereitos das mulleres, á xustiza, liberdade, progreso...

Xoves, 12 de maio ás 19:00 horas

RELATORA: **Aurora Marco**

Licenciada e doutora en Filosofía e Letras. Profesora de Didáctica da Lingua e Literatura Galega na facultade de CC da Educación da USC.